

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1211HS	CON/4/2018	31-08-18 13:09

Número 140.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á modificación do acordo aprobatorio do gasto do servizo de redacción do proxecto básico e executivo e do proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde, da reurbanización da rúa de Clara Campoamor. (FEDER, no marco de programa operativo de crecemento sostible 2014-2020); así como a adxudicación do contrato.

*Destinatario*

15078DCMG1211HSI



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 31 de agosto de 2018, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

140 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL RELATIVA Á MODIFICACIÓN DO ACORDO APROBATORIO DO GASTO DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E EXECUTIVO E DO PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE, DIRECCIÓN FACULTATIVA SUPERIOR E MEDIA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE, DA REURBANIZACIÓN DA RÚA DE CLARA CAMPOAMOR. (FEDER, NO MARCO DE PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020); ASÍ COMO A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, de data 28.8.18, así como do informe da xefe de sección de Intervención, n° 2018/528, de 30.8.18, favorable con observacións, que conta co conforme da viceinterventora.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Rafael Peña Vidal, concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, en virtude das competencias atribuídas por decreto de Alcaldía de data 28/06/2017 **EXPÓN:**

**Primeiro.**- Que con data 27 de agosto de 2018, a Xefa do Servizo de Contratación e Servizos Comunitarios emitíu informe conformado polo director da asesoría xurídica sobre a perda de financiación sobrevenida, CON/4/2018, e que literalmente indica:

**"INFORME DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E SERVIZOS COMUNITARIOS.**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I1HS	<i>Expediente</i> CON/4/2018	<i>Fecha</i> 31-08-18 13:09

**Asunto: Pérdida de financiación sobrevenida. CON/4/2018.**

**Antecedentes:**

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do pasado 18 de maio de 2018 acordou a aprobación do expediente de contratación denominado "Servizo de redacción de proxecto básico e redacción de proxecto de seguridade e saúde, dirección de obra da Reurbanización da rúa Clara Campoamor" por procedemento aberto simplificado consonte ao establecido no artigo 159 da Ley 9/2017, de 8 de novembro de Contratos del Sector Público ( LCSP), así como a aprobación do gasto correspondente con cargo á aplicación orzamentaria 030 15321 60900 2017-2-EDUSI-8 tramitándose como anticipado de gasto . O importe total do contrato que ascende a 100.000 euros máis IVE se somete á cofinanciación polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020.

Iniciada a licitación e tramitado o procedemento de contratación, en data 25 de xuño de 2018, o economista da Oficina de coordinación EDUSI emite un informe no que se fai constar que o 21 de xuño de 2018 procedeuse por parte do organismo correspondente á avaliación da solicitude de financiación realizada polo Concello, resultando a consideración de "operación non admisible para o seu financiamento polo Fondo Europeo"; ante esta circunstancia, a interventora municipal comunica a necesidade de modificar o réxime financeiro da contratación que deberá facerse con cargo a fondos propios do Concello para evitar a nulidade do procedemento e manifesta a pertinencia dun informe xurídico ao respecto.

**Fundamentos Xurídicos:**

**Primeiro:** O artigo 116 da LCSP, ao regular a iniciación e o contido do expediente de contratación ,establece, no seu parágrafo terceiro, a obriga de incorporar o certificado de existencia de crédito ou documento equivalente e ,no seu apartado 5º, que se a financiación debe realizarse con aportacións de distinta procedencia se tramitará un solo expediente de contratación polo órgano de contratación ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse en aquel a plena dispoñibilidade de todas as aportacións

En relación coa aprobación do expediente, o artigo 117 da LCSP regula a posibilidade de levar a cabo a tramitación anticipada de gasto nos termos dos artigos 173.5 e 6 do TRLHA.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I1HS	<i>Expediente</i> CON/4/2018	<i>Fecha</i> 31-08-18 13:09

*Segundo* o que consta no expediente de referencia, o acordo de inicio e aprobación do mesmo estaría axustado a dereito, non obstante a perda sobrevenida de parte da financiación con carácter previo á adxudicación esixe a súa subsanación mediante a aportación de recursos propios do Concello a fin de evitar a causa de nulidade contemplada no artigo 39.2.b) da LCSP.

**Segundo:** Á comunicación da intervención municipal achégase unha addenda coa referencia á partida orzamentaria 100 15321 60900 2018 4 CAMOR 72, partida con cargo á que financiar os gastos derivados do contrato, dado que conta con crédito suficiente para isto na anualidade 2018. Procede, polo tanto, que, con carácter previo á adxudicación do contrato, o órgano de contratación adopte un acordo en virtude do cal se modifique a financiación inicialmente prevista para a contratación que deberá ser substituída pola partida arriba indicada.

A referida modificación non afecta en absoluto á tramitación realizada cos licitadores e no contrato que se formalice deberá contemplarse como antecedentes o novo acordo adoptado e no clausulado a partida orzamentaria con caro á cal se financia.

**Conclusiones:**

De conformidade co exposto o órgano de contratación, Xunta de Goberno Local, debe modificar o acordo de data 18 de maio de 2018 no que se aproba o gasto do expediente CON/4/2018 ao terse producido unha perda sobrevenida da financiación procedente do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020 e acordar a aprobación do gasto do contrato con cargo á partida orzamentaria 100 15321 60900 2018 4 CAMOR 72, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionando, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2018: 48.569,40 euros IVE incluído.

Anualidade 2019: 32.379,60 euros IVE incluído."

**Segundo.** Que con data 19 de xullo de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas e a do licitador, PROYFE, S.L. CIF: B15077233.

Finalmente, con data 8 de agosto de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I1HS	<i>Expediente</i> CON/4/2018	<i>Fecha</i> 31-08-18 13:09

polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

Visto o exposto realízase a seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

**Primeiro.-** Modificar o acordo de data 18 de maio de 2018 no que se aproba o gasto do expediente CON/4/2018 ao terse producido unha perda sobrevenida da financiación procedente do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020 e acordar a aprobación do gasto do contrato con cargo á partida orzamentaria 100 15321 60900 2018 4 CAMOR 72, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionando, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2018: 48.569,40 euros IVE incluído.

Anualidade 2019: 32.379,60 euros IVE incluído."

**Segundo.-** Adxudicar o contrato de referencia a favor de, PROYFE, S.L. CIF: B15077233, por un importe de 66.900 euros (IVE aparte 21%: 14.049 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das resentadas.

Así mesmo, PROYFE, S.L. comprométese a:

. Realización dun estudio de integración paisaxística e mellora da biodiversidade que contemple a estación intermodal e a pasarela sobre as vías, as vellas edificacións do ensanche de Pontepedriña (rúas Ulla, Boqueixón e Vedra) e o parque das Brañas do Sar, xunto coa proposta de reurbanización da rúa de Clara Campoamor.

. Realización dun estudio de integración da mobilidade peonil e ciclista na contorna da rúa de Clara Campoamor, que propicie a accesibilidade á Estación Intermodal, ao parque das Brañas do Sar e a contorna urbana adyacente.

Desígnase como técnico municipal director responsable do contrato a D. Henrique Seoane Prado, xefe do servizo de Planeamento.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1211HS	<i>Expediente</i> CON/4/2018	<i>Fecha</i> 31-08-18 13:09

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 15321 60900 2018 4 CAMOR 72, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2018: 48.569,40 euros IVE incluído.

Anualidade 2019: 32.379,60 euros IVE incluído."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

**Primeiro**.- Modificar o acordo de data 18 de maio de 2018 no que se aproba o gasto do expediente CON/4/2018 ao terse producido unha perda sobrevenida da financiación procedente do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020 e acordar a aprobación do gasto do contrato con cargo á partida orzamentaria 100 15321 60900 2018 4 CAMOR 72, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionando, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2018: 48.569,40 euros IVE incluído.

Anualidade 2019: 32.379,60 euros IVE incluído.

**Segundo**.- Adxudicar o contrato de referencia a favor de PROYFE, S.L. CIF: B15077233, por un importe de 66.900 euros (IVE aparte 21%: 14.049 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das resentadas.

Así mesmo, PROYFE, S.L. comprométese a:

. Realización dun estudo de integración paisaxística e mellora da biodiversidade que contemple a estación intermodal e a pasarela sobre as vías, as vellas edificacións do ensanche de Pontepedriña (rúas Ulla, Boqueixón e Vedra) e o parque das

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I1HS	<i>Expediente</i> CON/4/2018	<i>Fecha</i> 31-08-18 13:09

Brañas do Sar, xunto coa proposta de reurbanización da rúa de Clara Campoamor.

. Realización dun estudo de integración da mobilidade peonil e ciclista na contorna da rúa de Clara Campoamor, que propicie a accesibilidade á Estación Intermodal, ao parque das Brañas do Sar e a contorna urbana adxacente.

Designar como técnico municipal director responsable do contrato a D. Henrique Seoane Prado, xefe do servizo de Planeamento.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 15321 60900 2018 4 CAMOR 72, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2018: 48.569,40 euros IVE incluído.

Anualidade 2019: 32.379,60 euros IVE incluído.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: ~~Xan Xesús Duro Fernández~~

